

Asistentes:

Barreiro Castro, Cándida  
Canosa Saa, José  
Dorribo Rivera, José Miguel  
Fariza Nóvoa, María  
Fernández Nóvoa Alejandro  
Jorge Correa Esther  
Pérez Cid, Benita  
Pérez Juste, Ignacio  
Teixeira Bautista, Marta

Asistentes por invitación:

Castro Fojo, Jesus  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Hervés Beloso, Juan Pablo  
Lavilla Beltran, Isela

Excusan asistencia:

Rodríguez Méndez, Manuel  
Ramos Docampo, Miguel Alexandre

## ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 01/03/2018

Ás 12:15 h horas do día 1 de marzo de 2018 reúnese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Informe sobre o proceso de certificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade e preparación da visita da Comisión avaliadora.
2. Informe sobre o proceso de acreditación do “*Mestrado en Investigación Química e Química Industrial*” (interuniversitario).
3. Informe sobre a solicitude de declaración de interese para a modificación da Memoria do Grao en Química.
4. Validación da proposta do “*Plan Anual de Avaliación de Satisfacción dos Usuarios e Usuarías*” (PAESU) e documentación relacionada (MC-05 P1).
5. Análise e toma de postura sobre as necesidades de PAS e de formación do mesmo (PE-01 P1).
6. Análise e toma de postura sobre as necesidades de formación do PDI (PE-02 P1).
7. Actualización e validación, se procede, dos rexistros asociados ao “*Procedemento para a Xestión dos Servizos*” (PA-08).
8. Validación, se procede, do “Informe de Accións de Coordinación” (DO0201-P1) do “Grao en Química” e do “Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” correspondentes ao curso 2016-17.
9. Análise das “Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais” do “Grao en Química” e do “Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” correspondentes ao curso 2016-17.
10. Análise e validación, se procede, do “*Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*” (DE-03 P1) correspondente ao curso 2016-17.

11. Análise das alegacións e das modificacións da “Memoria para a Solicitude de Verificación de Títulos Oficiais” do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca.

Acudiron coma invitados ao primeiro punto da Reunión o Prof. D. Xosé María Gómez Clemente (Director da Área de Calidade), o Prof. D. Jesús Castro Fojo (Director do Departamento de Química Inorgánica), o Prof. D. Pablo Herves Beloso (Director do Departamento de Química Física) e a Profa. D<sup>a</sup> Isela Lavilla Beltrán (Secretaria do Departamento de Química Analítica e Alimentaria).

1. O decano agradece a asistencia reunión do Director da Área de Calidade cara a visita da Comisión Evaluadora para o proceso de certificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Química.

O Director da Área fixo unha presentación detallada sobre a vindeira visita da Comisión Avaliadora para a acreditación da implantación do Sistema de Garantía Interno de Calidade. En referencia os procesos de acreditación previos de outros dous centros da Universidade de Vigo, explicou os motivos que levaron a formular unha queixa a ACSUG, pola avaliación non prevista do deseño, ademais dos procedementos, do Sistema de Garantía de Calidade, o que cuestionaba un cambio nos criterios de avaliación. Espera que non se repitan as circunstancias mencionadas. A continuación, fixo un repaso da axenda proposta habitualmente. Comentou pormenorizadamente cada un dos procedementos, así coma as cuestións que máis interesan á Comisión Avaliadora, seguindo a Guía para a certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade dos centros das Universidades do Sistema Universitario de Galicia da ACSUG. A primeira reunión da Comisión Avaliadora realizarase co persoal institucional, a que asistirá tamén o Coordinador de Calidade do Centro. As seguintes, para avaliar a implantación do Sistema, realizaranse coa CGC do Centro, coa responsable de Áreas e Departamentos así como cos distintos sectores (docentes, persoal de administración e servizos, estudantes, etc.) Ademais, informou ó Equipo Decanal sobre a necesidade de amosar a implantación do Sistema de Garantía Interno de Calidade na organización da Facultade de Química, en todos os títulos do centro (Grao, Mestrado así como os mestrados coordinados noutras universidades). Resolvéronse todas ás dúbidas xurdidas ó respecto, e considérase coma conclusión que a Facultade de Química levou a cabo de forma satisfactoria as tarefas necesarias para solicitar a certificación do seu Sistema de Garantía Interno de Calidade.

2. O Decano informa sobre o proceso de acreditación do “*Mestrado Universitario en Investigación Química e Química Industrial*” (interuniversitario) e do envío de toda a documentación solicitada para dito proceso pola Universidade de Santiago de Compostela, coordinadora do mesmo.

3. O Decano informa sobre a declaración de interese para a modificación da Memoria do Grao en Química aprobada na Xunta de Facultade do 27 de febreiro de 2018, validándose a mesma.

4. A proposta do “*Plan Anual de Avaliación de Satisfacción dos Usuarios e Usuarías*” (PAESU), que inclúe a “*Enquisa de Ingreso na Facultade de Química*” e analizado e validado pola Comisión. Do mesmo xeito, tamén se validan a ficha técnica da enquisa e o informe de resultados da mesma correspondente ao curso 2017-18.

5. Procedeuse a analizar as necesidades de Persoal de Administración e Servizos. En relación ó PAS funcionario, constatouse a necesidade de solicitar un posto base de apoio a Xestión Académica. En relación PAS laboral, no caso dos Técnicos de laboratorio de Química, debido a que a lista de agarda está esgotada, quedou sen cubrir unha baixa por ILT. A petición dun membro da CGC súxírese que se realicen máis cursos de formación do PAS.

6. Procedeuse a analizar as necesidades de formación do PDI e acordase enviar a única solicitude recibida dunha profesora da Facultade de Química de cursos relacionados con habilidades socio-emocionais ou comunicativas.

7. Actualízanse e válidanse os rexistros asociados ao “*Procedemento para a Xestión dos Servizos*” (PA-08).

8. Tras a correspondente análise, válidase o “Informe de Accións de Coordinación” do “Grao en Química” e do “Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” correspondentes ao curso 2016-17.

9. Procedeuse a analizar os resultados das “Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais” do “Grao en Química” e do “Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” correspondentes ao curso 2016-17. Os resultados das enquisas consideranse adecuados, xa que presentan valoracións media comparables aos valores medios da Universidade.

10. Procedeuse a analizar o “*Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*” correspondente ao curso 2016-17. O Decano fixo unha exposición dos contidos do documento enviado previamente coa convocatoria desta reunión ós membros da CGC para o seu estudo. A evolución temporal dos distintos indicadores é satisfactorio en xeral, cumprindo os obxetivos establecidas a priori, ben no ámbito da Universidade así coma nos distintos títulos do Centro. Validouse este documento xunto co correspondente Plan de Melloras.

11. Procedeuse a analizar e validar as alegacións ao informe provisional da modificación da “*Memoria para a Solicitude de Verificación de Títulos Oficiais*” do “Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” e as correspondentes modificacións que foron presentadas polo coordinador do título.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:38 h do día sinalado, e como Secretaria dou fe, co visto e prace do Decano.

O Secretaria

Marta Teijeira Bautista



O Decano

Ignacio Pérez Juste